EXERCICIOS E ACTIVIDADES DA SECCIÓN 11ª

Para esta sección propóñense tres actividades para identificar, aplicar e reflexionar sobre os conceptos estudados anteriormente.

1. O texto do xurista español E. Fernández analiza o significado mesmo do concepto de "dereitos humanos", así como a situación real na que poden atoparse de feito. Leo con atención e responde ás preguntas que veñen a continuación:

> "Os dereitos humanos aparecen como dereitos morais, é dicir, como esixencias éticas e dereitos que os seres humanos teñen polo feito de seren homes e, polo tanto, cun dereito igual ao seu recoñecemento, protección e garantía por parte do poder político e o dereito; dereito igual, obviamente, baseado na propiedade común a todos eles de seren considerados seres humanos, e dereito igual de humanidade independente de calquera continxencia histórica ou cultural, característica física ou intelectual, poder político ou clase social. Interésame insistir en que a fórmula "dereitos morais" inclúe a dobre vertente ética e xurídica, ademais de advertir que a vertente ética é absolutamente necesaria, pero non suficiente, mentres que a vertente xurídica (a súa positivización) é moi desexable e necesaria dende o punto de vista da súa auténtica realización.
>
> - O cualificativo morais vai dirixido á súa xustificación ou fundamentación ética, ás esixencias históricas derivadas de algo tan abstracto, tomado en xeral, pero á vez tan obxectivable, en cada caso concreto, como é a idea da dignidade humana (a autonomía, seguridade, liberdade e igualdade como posibilidades dun desenvolvemento adecuado desa idea da dignidade, universal a todos os seres humanos).
> - O substantivo "dereitos", ademais de referirse á radicalidade desas esixencias e ao adecuado da súa reivindicación, alberga a pretensión de verse incorporados ao ordenamento xurídico internacional e nacional, é dicir, paralelamente, como dereitos xurídicos.
>
> Do anteriormente exposto derívase que os dereitos humanos fundamentais, entendidos como dereitos morais, poden atoparse nunha destas situacións:
>
> a) Os dereitos morais poden ser esixencias morais aínda non recoñecidas xuridicamente, pero que contan ao seu favor con importantes e fortes razóns de orde moral e política que fan especialmente desexable a súa positivización, e esa é a súa pretensión.
> b) Os dereitos morais poden estar recoñecidos xuridicamente, pero cun recoñecemento insuficiente para posibilitar o seu auténtico exercicio, debido tanto a motivos técnico-xurídicos ou garantías particulares de política lexislativa como a barreiras propias das estruturas socioeconómicas dominantes.
> c) Os dereitos morais poden estar recoñecidos xuridicamente e contar con garantías xerais e particulares suficientes para o seu efectivo exercicio, é dicir, tratarse de dereitos xurídicos plenos." (E. Fernández, *O fundamento dos dereitos humanos.)*

a) En que consiste a dobre vertente dos dereitos humanos, segundo o autor?
b) En que situacións se poden atopar os dereitos humanos, segundo o texto?

2. A continuación atoparás os preámbulos que fundamentan e xustifican as máis importantes e solemnes declaracións de dereitos humanos. As dúas primeiras son xa do século XVIII, mentres que a última é de mediados do século XX. Debes lelas con atención para despois responder ás cuestións que se formulan ao final.

1) *Declaración de Independencia dos EE.UU.* (1776)
"Temos por evidentes en si mesmas estas verdades: que todos os homes son creados iguais; que están dotados polo seu Creador de certos dereitos inalienables; que, entre estes, están a vida, a liberdade e a busca da felicidade; que para asegurar eses dereitos institúense entre os homes os gobernos, os cales derivan os seus xustos poderes do consentimento dos gobernados; que cada vez que unha forma de goberno se pon en contradición con estes fins, o pobo ten dereito a modificala ou abolila e a establecer un novo goberno, baseándoo nestes principios e organizando os seus poderes da forma que estime máis apropiada para conseguir a súa seguridade e a súa felicidade. A prudencia, certamente, esixe que os gobernos establecidos de moito tempo non sexan cambiados por motivos liviáns nin pasaxeiros; e, en consecuencia, a experiencia mostrou sempre que a humanidade está máis disposta a sufrir, mentres os males sexan soportables, que a impoñer o seu dereito abolindo as formas ás cales está afeita. Máis cando unha longa serie de abusos e usurpacións, que perseguen invariablemente o mesmo obxecto, poñen en evidencia o propósito de sometela a un despotismo absoluto, é o seu dereito, é o seu deber, rexeitar tal goberno e establecer novas garantías para a súa seguridade futura".

2) *Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán* (1789)
"Preámbulo. Os representantes do pobo francés, constituídos en Asemblea Nacional, ao considerar que a ignorancia, o esquecemento e o desprezo dos dereitos do home son as únicas causas das desgrazas públicas e da corrupción dos gobernos, resolveron expoñer nunha declaración solemne os dereitos naturais, inalienables e sagrados do home, co fin de que esta Declaración, sempre presente a todos os membros do corpo social, lles recorde sen cesar os seus dereitos e os seus deberes; co fin de que os actos do poder lexislativo e os do poder executivo, podendo ser en cada momento comparados coa finalidade de toda institución política, sexan máis respectados; co fin de que as reclamacións dos cidadáns, fundadas dende agora en principios simples e indiscutibles, contribúan sempre ao mantemento da Constitución e ao benestar de todos"

3) *Declaración Universal dos Dereitos do Home* (1948)
"Preámbulo.
- Ao considerar que a liberdade, a xustiza e a paz no mundo teñen por base o recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienables de todos os membros da familia humana,
- Ao considerar que o descoñecemento e o menosprezo dos dereitos humanos orixinaron actos de barbarie aldraxantes para a conciencia da humanidade; e que se proclamou, como a aspiración máis elevada do ser humano, a chegada dun mundo no cal as persoas, liberadas do temor e da miseria, gocen da liberdade de palabra e da liberdade de crenzas,

- Ao considerar esencial que os dereitos humanos sexan protexidos por un réxime de dereito, co obxecto de que a persoa non se vexa compelida ao supremo recurso da rebelión contra a tiranía e a opresión,
- Ao considerar tamén esencial promover o desenvolvemento de relacións amigables entre as nacións,
- Ao considerar que os pobos das Nacións Unidas reafirmaron na Carta a súa fe nos dereitos fundamentais da persoa humana, na súa dignidade e valor e na igualdade dos dereitos dos homes e mulleres; e declaráronse resoltos a promover o progreso social e a elevar o nivel de vida dentro dun concepto máis amplo da liberdade,
- Ao considerar que os Estados Membros se comprometeron a asegurar, en cooperación coa Organización das Nacións Unidas, o respecto universal e efectivo aos dereitos e liberdades fundamentais do ser humano, e
- Ao considerar que unha concepción común destes dereitos e liberdades é da maior importancia para o pleno cumprimento do devandito compromiso,

A Asemblea Xeral proclama a presente Declaración Universal dos Dereitos Humanos como ideal común polo cal todos os pobos e nacións se deben esforzar, co fin de que tanto os individuos como as institucións, inspirándose constantemente nela, promovan, mediante o ensino e a educación, o respecto a estes dereitos e liberdades, e aseguren, a través de medidas progresivas de carácter nacional e internacional, o seu recoñecemento e aplicación universais e efectivos, así entre os pobos dos Estados membros como entre os dos territorios situados baixo a súa xurisdición".

a) Que ideas comúns encontras nas tres declaracións: concepción dos dereitos humanos, fundamento dos mesmos, finalidade das declaracións…?
b) Sinala algunha diferenza importante.

3. Finalmente propoñémosche unha serie de textos breves de pensadores recentes (de finais do s. XX, e dalgún aínda vivo) nos que se adopta unha perspectiva internacional sobre os dereitos humanos. Todos eles coinciden dalgún modo na necesidade de organizacións internacionais con capacidade real para facer efectivos tales dereitos humanos universais. Leos con atención e despois responde ás preguntas que se formulan.

1) Declaración de1970, de *Cidadáns do mundo, federalistas mundiais.*
"Nós constatamos que as Nacións Unidas sen poder:
— non poden impedir que os Estados se rían dos Dereitos do Home.
— non poden remediar que uns pobos sufran fame mentres outros nadan na abundancia.
— non poden loitar eficazmente contra os conflitos mundiais.
— non poden asumir a responsabilidade que lles foi confiada: manter a paz mediante a conciliación, a arbitraxe e o recurso á Corte Internacional de Xustiza.
Nós demandamos poder real ás Nacións Unidas para:
— obter a designación dun Alto Comisariado que permita a elaboración dunha Convención Universal dos Dereitos do Home que sexa ratificada por todos os Estados.

— organizar o desenvolvemento da produción, a xusta distribución dos produtos de primeira necesidade e a defensa contra a destrución.
— crear organismos permanentes dos cales se acaten as decisións por parte de todos os Estados do planeta para loitar contra os problemas de extensión mundial.
— obrar eficazmente contra as causas que xeran a guerra.

Nós pedimos unha auténtica representatividade dos pobos no seo dos organismos directivos da ONU. Sabemos que a impotencia das Nacións Unidas provén, entre outros motivos, do artigo 2-7 da Carta que non lle outorga poderes supranacionais.

Nós pedimos que a ONU, en ocasión da súa 25~ sesión, estude os medios para modificar este artigo co obxecto de conseguir ao seu favor unha efectiva limitación da soberanía de cada Estado, co obxecto de organizarse para garantir a paz, a protección das minorías, a seguridade internacional, o desenvolvemento mundial e o respecto aos Dereitos do Home."

1- Que se denuncia nesta declaración, e que se pide?

2) B. Russell: *Escritos básicos.*

"Hai moito que a relixión ensina que debemos amar ao próximo e desexar a felicidade dos demais mellor que o seu infortunio. Por desgraza, os homes activos prestaron pouca atención a esta ensinanza. Non obstante, nun mundo novo, os bos sentimentos para co próximo que a relixión preconizou serán non só un deber moral, senón unha condición indispensable de supervivencia. Un corpo humano non podería vivir durante moito tempo se as mans estivesen en conflito cos pés e o estómago se atopase en guerra co fígado. Neste aspecto, a sociedade humana como un todo vaise parecendo cada vez máis ao corpo humano individual, e se habemos de seguir existindo, teremos que adquirir sentimentos cara ao benestar do todo, do mesmo xeito que os nosos sentimentos de benestar individual atinxen a todo o corpo e non só a esta ou aquela porción deste. (...)

Para calquera resulta inmediatamente evidente que, dende un punto de vista internacional, nada bo pode facer unha institución (ONU) que, en certos aspectos, non limite a soberanía das nacións illadamente consideradas, xa que tal soberanía sen restricións é a causa da anarquía internacional."

2- Que perspectiva internacional defende aquí Russell, e para que?

3) F. Savater, *Ética como amor propio*.

"Pero ademais do uso crítico hai tamén nos dereitos humanos un esbozo de algo porvir, o empeño dunha institución aínda non acadada. Na Terra habitada por cinco mil millóns de seres humanos e en rápido crecemento desa cifra de poboación, a reivindicación do universal non é un delirio relixioso nin un novo mito laico occidental, senón unha necesidade política que non admite cores nacionais nin aprazamentos interesados. Neste sentido, os dereitos humanos poden ser considerados o adianto da futura constitución do Estado mundial ou do centro de control ao que poida recorrerse con eficacia por enriba dos estados nacionais. Quizais esta sexa a vía do cumprimento dunha vella arela libertaria, porque o Estado, como hoxe o coñecemos, desaparecerá cando xa non sexa instrumento de enfrontamento militar contra outros, senón unha administración global do que forzosamente ha de ser común ou desaparecer. Cando xa non haxa máis que un

Estado, este deixará de ser Estado polo menos no sentido clásico que hoxe coñecemos. E difícil esaxerar a importancia desta perspectiva, que hoxe ten máis que ver coa supervivencia que coa utopía, a non ser que aquela non sexa xa máis que a derradeira e desesperada manifestación desta. Pero tamén é difícil esaxerar os perigos que o cumprimento perverso deste ideal implicaría. Tal perspectiva enlaza non só con ameazas totalitarias de control (...). A demanda verídica dos dereitos humanos, na súa aspiración a verse dun xeito ou outro institucionalizada, non pode esquecer este urxente transfondo sobre o que recorta as súas reclamacións."

3- Que considera aquí necesario Savater a nivel internacional, e que perigos puidera ter?

4) J. L. Aranguren: *O bo talante*

"Kant aínda anhela o Estado das nacións, a civitas gentium, a república mundial (...). Pero o ideal da *civitas gentium*, da república universal, coa súa tremenda uniformidade, parécese demasiado ao da paz imperial, ao da paz romana. E por iso Kant dá en pensar na posibilidade dunha federación de pobos que sexan autónomos e libres. En definitiva, pensamos que esta doutrina é a que logo —na medida en que se realizou, escasa e moito máis burocrática que eficaz— deu lugar á Sociedade de Nacións primeiro e á ONU despois; á substitución do modelo dunha república universal, uniforme e dominada por un imperialismo, por estoutro dunha federación de todas as nacións. Que esta federación o sexa moito máis sobre o papel que na realidade é algo que vivimos todos e do que todos somos conscientes, pero, a pesar diso, e por poucas esperanzas que poñamos nestas federacións e, concretamente na ONU, é indubidable que, sen moita esperanza, sempre se pode arrimar o ombro a esta tarefa, porque, en calquera caso, máis vale traballar, aínda que sexa inutilmente, que quedar sen ningunha mobilización a favor dela."

4- Que valoración fai aquí Aranguren da ONU?

Respostas:

1. a) A fórmula "dereitos morais" inclúe unha dobre vertente ética e xurídica:
   - Vertente ética: o cualificativo "*morais*" sinala a súa xustificación ou fundamentación ética, como é a idea da dignidade humana (e a autonomía, seguridade, liberdade e igualdade como posibilidades dun desenvolvemento adecuado desa idea da dignidade, universal a todos os seres humanos).
   - O substantivo "dereitos", ademais de referirse á radicalidade desas esixencias, alberga a pretensión de verse incorporados ao ordenamento xurídico internacional e nacional, é dicir, positivizarse como dereitos para adquirir forza xurídica vinculante.

c) Os dereitos humanos fundamentais poden atoparse en diferentes situacións nos diferentes países do mundo:

- Poden ser simples esixencias morais aínda non recoñecidas xuridicamente, pero con importantes e fortes razóns de orde moral e política para a súa positivización.
- Estar recoñecidos xuridicamente, pero cun recoñecemento insuficiente para posibilitar o seu auténtico exercicio, tanto por motivos técnico-xurídicos como por barreiras propias das estruturas socioeconómicas dominantes.
- Estar recoñecidos xuridicamente e contar con garantías xerais e particulares suficientes para o seu efectivo exercicio.

2. a) Todas as Declaracións coinciden:
   - en presentar os dereitos humanos como dereitos inalienables e iguais para todos os seres humanos.
   - en considerar que os dereitos humanos son o criterio para avaliar a lexitimidade das formas de goberno, fronte á *corrupción*, ao *despotismo*, á *tiranía* e á *opresión*.

   b) A diferenza das Declaracións anteriores do século XVIII, a Declaración universal de 1948:
   - ten un carácter internacional explícito,
   - afirma explicitamente a igualdade de dereitos de homes e mulleres.

3. 1. Nesta declaración, algo utópica, con motivo do 25 aniversario da ONU:
   - denúnciase a falta de poder real da ONU para cumprir coas súas misións e protexer os dereitos humanos de xeito efectivo, e
   - demándase para ela auténtico poder supranacional, pero sobre a base dunha auténtica representatividade dos pobos nos seus organismos.

3. 2.Russell presenta neste texto unha concepción da comunidade internacional como un gran organismo que, como tal, precisa dun poder supranacional que coordine e faga posible o *benestar do todo*, fronte á anarquía internacional. Russell presenta tal perspectiva como una condición para a supervivencia da humanidade.

3. 3. Savater neste texto reivindica unha perspectiva universalista mundial, como unha necesidade de supervivencia máis que unha utopía, onde os Estados, como hoxe os coñecemos, desaparecerían por non ser xa instrumentos de enfrontamento militar contra outros. Nesta perspectiva, os dereitos humanos poden ser considerados o adianto da futura constitución dun Estado mundial, concibido como unha administración global do que forzosamente ha de ser común, e ao que poida recorrerse con eficacia por enriba dos estados nacionais.
   O gran perigo que unha realización perversa deste ideal podería traer sería o dun imperialismo totalitarista, se os dereitos humanos non se converten na base xurídica fundamental de todo o proxecto.

3.4. Aranguren neste texto considera á ONU como a encarnación da federación de todas as nacións (coa que soñara Kant); pero moito máis sobre o papel que na realidade, e máis burocrática que real. Pero desde o seu escepticismo ao respecto considera preferible loitar pola súa defensa, aínda que con pouca esperanza.